

Xogo da Zoca de 21 días co Galego

CEIP Albeiros de Lugo

- 1 - Saída desde o CEIP Albeiros
- 2 - Aínda que ovellas sen pastor, discípulos sen mestre e soldados sen capitán andan mal, este romano ten presenza e está feito de metal.
- 3 - O Museo Interactivo da Historia de Lugo é un edificio singular, podes ver as exposicións pero non esquezas avanzar.
- 4 - Zapateiro aos seus zapatos e zoqueiro ás súas zocas.
- 5 - Chegaches á Porta de San Fernando, que en 2025 terás que cruzar unhas veces a pé e outras veces andando. Avanza ata a casa 10, da Porta Falsa.
- 6 - De ponte a ponte e tiro porque teño sede para chegar á fonte.
- 7 - Para comer, Lugo, pero o que acaba de comer e se vai deitar, mala noite ha de pasar e tes unha quenda sen tirar.
- 8 - Bailando e andando polo camiño, avanza ata casa 14 e repón forzas nas Caldas do Miño.
- 9 - Hoxe xoga o Breogán no Pazo, lanza o dado e se sacas un 4 ou máis podes continuar, senón unha tirada terás que agardar.
- 10 - Da Porta Falsa poderás avanzar á Porta da Estación (casa 15) sempre circulando con moita atención.
- 11 - Hoxe toca mercado de FRIGSA, sempre tendo claro que perder e gañar, todo é feirear.
- 12 - Lugo en setembro, ou seca as fontes ou leva as pontes.
- 13 - Fuches tocar o zoco e metiches a zoca. Volve ao obradoiro do zoqueiro na casa 4.
- 14 - Despois de almorzares non te poñas a vaguear e despois de xantar déitase a descansar. Que mellor que facelo nas Caldas do Miño.
- 15 - Na Porta da Estación hai algunha pedra con forma de poliedro, cóllea e vai á Porta de San Pedro (casa 20).
- 16 - Loita de gladiadores! Tira dúas veces o dado e se a suma da puntuación é 8 ou máis podes ir á casa 22.
- 17 - Non hai río bravo que non teña un bo paso para atravesalo, así que podes ir ao Miño e seguir o camiño.
- 18 - Seguindo a ruta desvíacheste do camiño e acabaches no Castro de Viladonga. Quedas unha quenda sen tirar.
- 19 - Un clásico da festa é a familia Pelúdez, outono, outonán, mes das San Lucas e máis do San Froilán.
- 20 - Estás na Porta de San Pedro, unha das máis fermosas da Muralla, como diría un castelán “estoy de acuerdo”. Pasas á casa 25 da Porta do Bispo Izquierdo.
- 21 - Toca parada na ferverza do Río Rato, onde enganchas o pé nun burato. Quedas dúas quendas sen tirar.
- 22 - Un dos mellores espectáculos do Arde Lucus é a loita de gladiadores. Os mozos para loitar e os vellos para aconsellar.
- 23 - A Virxe dos Ollos Grandes miroute con bos ollos, pasas á casa 32.
- 24 - A vaquiña polo que vale e as de Lugo valen moito.
- 25 - A Porta do Bispo Izquierdo é máis ben estreitiña, pasas e chegas á de Bispo Aguirre, que che é moi bonitiña.
- 26 - O edificio Impulso Verde é unha cousa digna de ver, só esperemos que, por uns ou por outros, a casa non quede sen varrer.
- 27 - Cando o río non fai ruído, ou leva pouca auga ou vai moi crecido. Por mor das inundacións volves á casa 17.
- 28 - Augusto e Fabio Máximo foron os fundadores, sen dúbida, homes moi traballadores.
- 29 - Choivas do mar e vento da ría, foliada para todo o día.

- 30 - Na Porta de Bispo Aguirre pasamos rápido sen facer ningún estrago, alixeiramos o paso ata a Porta de Santiago (casa 35).
- 31 - O Parque de Albeiros está pechado por obras, se queres xogar, tira o dado e se sacas un 5 á casa 37 do Parque Rosalía de Castro irás.
- 32 - A Catedral de Lugo ten moito estilo, cando entres terás que facelo con sixilo.
- 33 - Minuto 80 e o Club Deportivo Lugo perde 2-0. Saca un 3 ou máis no dado, remonta o partido e continúa xogando. Senón, unha quenda sen xogar segues agardando.
- 34 - Ánxel Fole é un famoso escritor lucense, gustáballe todo tipo de novelas, por exemplo, as de suspense.
- 35 - A Porta de Santiago é a favorita dalgunha mariñá, a que pasa máis desapercibida é a Porta Miñá. Vai á casa 40.
- 36 - Chegaches ás costas do parque para subir nas atraccións, pero un refacho de vento fai que quedes atrapado no saltón. Estás unha quenda sen tirar.
- 37 - Estás no Parque Rosalía, onde podes sacar unha foto moi profesional, ideal para ser o máis seguido nalgunha rede social.
- 38 - Caíches no antigo cárcere da cidade, as penas terás que purgar e tres tiradas esperar.
- 39 - Atendede e deixade paso á cuádriga romana, feita en Galicia, non é norteamericana.
- 40 - Preto da Porta Miñá está a máis transitada, a porta do Bispo Odoario, proximamente peonalizada. Vai á casa 45.
- 41 - A ponte máis bonita de Lugo está feita para o tren, un medio de transporte que segundo algúns non quere ninguén.
- 42 - A Medusa é unha fonte da nosa cidade, ten unha forma diferente, lonxe da realidade.
- 43 - A Vía XIX era unha xoia das infraestruturas romanas, para recorrela en xornadas maratonianas.
- 44 - Caíches no graffiti de Xulio César, obra que deixou a xente perplexa, saltas sete casas e quedas na Castrexa.
- 45 - A Porta do Bispo Odoario foi todo un logro, pero se hai algunha que innova esa é a Porta Nova. Saltas á casa 50.
- 46 - Un símbolo do poder romano era este animal alado, vixiando fachendoso a Praza de Santo Domingo.
- 47 - A xente enfurrúñase cando ten que pasar en coche un luns ás 12 pola Avenida da Coruña. Quedas atrapado no atasco e estás 2 quendas sen tirar.
- 48 - Cristiáns, xudeus, musulmáns e laicos, todos queren ver a Casa dos Mosaicos.
- 49 - A garda pretoriana captúrate, quedas na súa custodia durante 2 tiradas.
- 50 - A derradeira porta é a Nova, acceso a degustar petiscos e máis manxares culinarios, todo iso sen desembolsar moitos denarios.
- 51 - A dama que vixía a Muralla é a Castrexa, muller hábil, sabia e destra na arte da pelexa.
- 52 - Nunca choveu nin nevou que non escampase.
- 53 - O torques de Burela é unha valiosa alfaia, combina tanto con pantalón como con saia.
- 54 - Topaches coa Santa Compañía, cousa que ninguén quere, nin en Galicia nin en España. Volves á primeira casa.
- 55 - Bo camiño!
- 56 - Repoñer forzas na Praza de Abastos sempre é unha boa opción, aproveita para comer un pouco de xamón.
- 57 - As Termas Romanas son de visita obrigada, a auga está recentemente quentada.
- 58 - Lucus Augusti era referencia na Gallaecia romana, algo así como a piña na pizza hawaiana.
- 59 - Os arcos da Mosqueira deixan ver unha imaxe de tempos pasados, gloriosos e estudados, pero con enigmas non solucionados.

60 - Chegaches á Praza Maior!